

## NOTA TÉCNICA: DATOS SOBRE OCUPACIÓNS

### 1 - INTRODUCCIÓN

A publicación ***Datos sobre ocupacións*** fai referencia aos grupos ocupacionais máis contratados en distintos ámbitos territoriais galegos: autonómico, provincial e comarcal, incluíndose unha pequena análise descritiva da súa situación en cada mercado laboral.

Este traballo xorde como mellora da anterior publicación de mesmo nome pero desenvolvendo unha información distinta e de corte máis analítico. Así pois, mantendo a natureza do proxecto, decidiuse ampliar o ámbito territorial de estudo e mostrar os grupos ocupacionais máis contratados, analizando unha serie de indicadores elaborados no Observatorio Ocupacional que serven non só para describir senón tamén para estudar a tendencia, o grao de ocupabilidade e a temporalidade que presentan esas ocupacións. Esta visión presenta un carácter máis técnico e permite facer uso dunha información que pode ser de utilidade aos distintos profesionais do mercado de traballo galego, así como aos propios demandantes de emprego que requiren información veraz sobre a situación laboral das súas ocupacións habituais en determinados ámbitos xeográficos.

Este traballo está incluído como operación no [Plan Galego de Estatística](#).

### 2.- OBSERVACIÓNS METODOLÓXICAS:

En relación co conxunto da información sobre os grupos ocupacionais, hai que destacar unha serie de especificacións de carácter xeral:

- Os grupos ocupacionais descritos fan referencia á Clasificación Nacional de Ocupacións a catro díxitos. Esta agregación representa conxuntos de ocupacións afíns situados a un mesmo nivel profesional. Exemplo:

**7120 Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados.**

Este grupo está integrado polos seguintes postos de traballo:

71200017	ENCOFRADOR
71200039	FERRALLISTA
71200051	PORTLANDISTA
71200062	OPERARIO DE FORMIGÓNS

- Os períodos temporais de análise son de **cinco anos**, período considerado suficiente para calcular uns indicadores laborais representativos. Ao remate de cada ano incluírase unha nova serie calculada.
- Para os ámbitos autonómico e provincial preséntase a posibilidade de consultar os **100 grupos ocupacionais máis contratados**. No ámbito comarcal o límite é de **20 grupos ocupacionais**, podendo aparecer menos grupos a consultar dada a ausencia de datos ou ao segredo estatístico.
- Segundo o establecido na **Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal**, incorporouse a esta aplicación a consideración de non mostrar os datos menores ou iguais a tres e substituílos por un x, dado que se consideran protexidos pola citada lei orgánica.

### 3.- VARIABLES E INDICADORES MANEXADOS:

- **CONTRATADOS:** Partimos do dato de persoas contratadas, independentemente do número de contratos que poidan ter. Esta variable manéxase co fin de evitar a temporalidade e a distorsión do dato real de creación de emprego.
- **DEMANDANTES “demanda preferente”:** Cada demanda de emprego solicitada por un traballador pode recoller ata un máximo de seis *ocupacións* nas que quere traballar. Ao falar de contratados consideramos máis oportuno traballar cun dato de demandantes e non de demandas de xeito global. Por este motivo, partimos da premisa de que a ocupación solicitada no primeiro lugar leva consigo unha preferencia do traballador á hora de buscar emprego.
- **SALDO NETO:** Indicador que se calcula por diferenza entre contratados nun ámbito territorial e a media dos demandantes preferentes nun mesmo período temporal. A súa significación vai no seguinte sentido:

Saldo neto positivo, indicaría un **superávit de contratados** con respecto aos demandantes de emprego “preferentes”, ou, dito doutro modo, o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego existentes. Indicaría pois unha mobilidade dos demandantes nese grupo ocupacional.

O saldo neto negativo, pola contra, indicaría un **déficit de contratación**, os demandantes de emprego superan os requirimentos do mercado de traballo, no que se refire ao traballo por conta allea. Esta circunstancia podería producirse por unha formación inadecuada ou insuficiente por parte dos demandantes ou ben porque o mercado de traballo non é quen de absorber a demanda potencial

## • INDICADOR DE TENDENCIA:

O indicador referenciarase a un ano e indicará unha evolución contractual nun período temporal de cinco anos.

Basicamente terá en conta *dúas variables*:

- Número de contratados nese ano nos distintos grupos ocupacionais (ano xx)
- Media dos contratados nese grupo ocupacional no período anterior (xx-1, xx-2, xx-3 e xx-4).

Partindo destas dúas variables habería que establecer comparacións para determinar o tipo de evolución sinalando esta mediante frechas:

N.º contratados no ano consultado > media de contratados no período de catro anos anterior.	↑
N.º contratados no ano consultado = media de contratados no período de catro anos anterior.	→
N.º contratados no ano consultado < media de contratados no período de catro anos anterior.	↓

Dada a sinxeleza deste indicador, consideramos necesario matizar o tipo de crecemento/estabilidade/decrecemento atendendo á análise das variacións interanuais, o que serve para enriquecer o resultado anterior:

Cando o resultado sexa unha **frecha cara a arriba** a matización pode ser de tres tipos:

Crecedemento nos 4 períodos interanuais	<b>CRECEMENTO SOSTIDO</b>
Crecedemento en 3 períodos interanuais	<b>CRECEMENTO RELEVANTE</b>
Crecedemento en 1 ou 2 períodos interanuais	<b>CRECEMENTO IRREGULAR</b>

A **frecha de estabilidade** matizaríase do seguinte modo:

Crecedemento en 3 períodos interanuais	<b>ESTABILIDADE POSITIVA</b>
Crecedemento 1 ou 2 períodos interanuais	<b>ESTABILIDADE IRREGULAR</b>
Constante no tempo	<b>ESTABILIDADE</b>

Cando nos atopemos cunha **frecha cara a abaixo** a matización pode ser de tres tipos:

Decrecedemento nos 4 períodos interanuais	<b>DECRECEMENTO SOSTIDO</b>
Decrecedemento en 3 períodos interanuais	<b>DECRECEMENTO RELEVANTE</b>
Decrecedemento en 1 ou 2 períodos interanuais	<b>DECRECEMENTO IRREGULAR</b>

## • INDICADOR DE OCUPABILIDADE:

Para calcular este indicador necesitamos dúas variables:

- O anterior indicador de tendencia e tipo de crecedemento/estabilidade/decrecedemento.
- O saldo neto calculado do seguinte xeito e para cada grupo ocupacional: contratados no grupo menos demandas preferentes recollidas no ámbito territorial correspondente. Ao tratarse de períodos de cinco anos faremos o cálculo sumando contratados e demandas<sup>146</sup> en todo o período temporal referenciado. Podemos falar dun saldo neto resumo do acontecido no ámbito territorial nos anos que comprende a serie, o que elimina posibles resultados conxunturais en anos puntuais que poderían nesgar o resultado e distorsionar as conclusións ao respecto. Por outra banda, ao comparalo cun indicador de tendencia, resulta máis coherente que o saldo neto implique un resultado global dese período e non o resultado nun ano.

A aplicación deste indicador queda reflectido no seguinte cadro de cruzamento de ambas as dúas variables:

TIPO DE CRECEMENTO	SALDO NETO	
	Positivo	Negativo ou igual a cero
Creceemento sostido	MOI ALTA	ALTA
Creceemento relevante		
Creceemento irregular	ALTA	MEDIA
Estabilidade positiva		
Estabilidade/Estabilidade irregular	MEDIA	BAIXA
Decreceemento irregular		
Decreceemento relevante	BAIXA	MOI BAIXA
Decreceemento sostido		

### • INDICADOR DE ESTABILIDADE:

Este indicador susténtase en dúas variables:

- **C.I.**- Contratación indefinida: medidor da porcentaxe de contratados indefinidos fronte ao total de contratados ao longo dun ano:

$$\frac{\text{Contratados indefinidos}}{\text{Contratados indefinidos} + \text{Contratados temporais}}$$

- **T.R.**- Taxa de rotación/persoas: número de contratos temporais para cada contratado temporal ao longo dun ano:

$$\frac{\text{Contratos temporais}}{\text{Contratado temporal}}$$

Estes medidores calcularanse para cada grupo de ocupación e ámbito territorial seleccionado e é necesario poñelos en comparación cun indicador que calcule a media de C.I. e T.R. en cada ámbito xeográfico. É dicir, en caso de escoller unha comarca calculariamos a porcentaxe de contratación indefinida media, sen atender a diferentes grupos ocupacionais, e a mesma operación para o cálculo da taxa de rotación/persoas media no mesmo ámbito xeográfico.

A *posteriori* aplicaríamos o seguinte baremo atendendo ao cruzamento das dúas variables mencionadas:

SITUACIÓNS POSIBLES			
ESTABILIDADE LABORAL ALTA	$CI \text{ Grupo ocupacional} > CI \text{ Medio}$ $TR \text{ Grupo ocupacional} < TR \text{ Media}$		
ESTABILIDADE LABORAL MEDIA	<table border="1"> <tr> <td> <math>CI \text{ Grupo ocupacional} &gt; CI \text{ Medio, e,}</math>  <math>TR \text{ Grupo ocupacional} &gt; = TR \text{ Media}</math> </td> <td> <math>CI \text{ Grupo ocupacional} &lt; = CI \text{ Medio, e,}</math>  <math>TR \text{ Grupo ocupacional} &lt; TR \text{ Media}</math> </td> </tr> </table>	$CI \text{ Grupo ocupacional} > CI \text{ Medio, e,}$ $TR \text{ Grupo ocupacional} > = TR \text{ Media}$	$CI \text{ Grupo ocupacional} < = CI \text{ Medio, e,}$ $TR \text{ Grupo ocupacional} < TR \text{ Media}$
$CI \text{ Grupo ocupacional} > CI \text{ Medio, e,}$ $TR \text{ Grupo ocupacional} > = TR \text{ Media}$	$CI \text{ Grupo ocupacional} < = CI \text{ Medio, e,}$ $TR \text{ Grupo ocupacional} < TR \text{ Media}$		
ESTABILIDADE LABORAL BAIXA	$CI \text{ Grupo ocupacional} < = CI \text{ Medio}$ $TR \text{ Grupo ocupacional} > = TR \text{ Media}$		

A natureza deste indicador debe de ser **anual**, calculando a estabilidade para cada un dos anos que comprende a serie seleccionada e observando se esa estabilidade laboral vai variando ou, pola contra, se se consolida ao longo dos anos.

No caso de que algún dos anos a serie presente 0 contratados, este indicador non aparecerá calculado, xa que, ao se converter o denominador en cero, imposibilitase o seu cálculo matemático. Nestas situacións aparecerá un (-) indicándose nunha nota ao pé da táboa que: **“non procede o seu cálculo”**. Así mesmo, esta circunstancia pode repetirse cando non aparezan contratados temporais ao non poderse calcular a taxa de rotación.

INSTITUTO  
GALEGO DAS  
**CUALIFICACIÓNS**











XACOBEO 2010  
Galicia



XUNTA  
DE GALICIA